
**PROPOSTA DE CRITERIOS ORIENTATIVOS PARA A ELABORACIÓN DE
HORARIOS DO CURSO 2023/2024 DAS TITULACIONES DA ESCOLA
SUPERIOR DE ENXEÑARÍA INFORMÁTICA**

Aprobado en Xunta de Centro o 14/04/2023

Na elaboración da proposta de horarios de clases do curso 2023/2024 que a Dirección do Centro elevará á Xunta de Centro deberanse ter en conta, na medida en que resulte posible, os seguintes criterios orientativos:

1. As materias do Programa Conxunto de Grao en Enxeñaría Informática e Grao en Administración e Dirección de Empresas deberán ter horarios que permitan a asistencia do alumnado de primeira matrícula ás clases de todas as materias.
2. Os horarios das clases das materias dos Mestrados poderanse fixar dende as 15:30 ata as 20:30 horas.
3. Os horarios das clases das materias dos Graos poderanse fixar dende as 8:30 ata as 14:30 horas (dividíndose en tres franxas horarias de 8:30 a 10:30, de 10:30 a 12:30 e de 12:30 a 14:30). Nos cursos con quenda de tarde fixarase o horario dende as 16:00 ata as 20:00 horas e en 4º curso do Grao en Enxeñaría Informática de ser necesario.
4. Os grupos grandes de todas as materias rotaranse, na medida do posible, nos diferentes días da semana e nas franxas horarias con respecto aos anos anteriores.
5. Nos cursos adxacentes evítanse solapamentos dos horarios de grupo grande sempre que sexa posible.
6. Evítase o solapamento de optativas que poida restrinxir a asistencia á docencia das mesmas por parte do alumnado.